



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL ARZÚA

Anuncio bases e convocatoria do concurso de mecos do Entroido 2024

ANUNCIO

O Sr. alcalde accidental do Concello de Arzua, aprobou por decreto n.º 36/2024 de data 23/01/2024, as seguintes bases e convocatoria do concurso de mecos do entroido 2024:

Con motivo do Entroido 2024 o Concello de Arzúa organiza un concurso de mecos para fomentar a participación e preservar as tradicións. O certame convócase de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA. Obxecto e participación.

Este concurso ten como finalidade fomentar a participación no Entroido 2024 realizando mecos por parte da veciñanza do concello de Arzúa. Poderá participar calquera persoa maior de idade ou asociacións veciñais, culturais, etc.

SEGUNDA. Forma e prazo de inscrición.

O prazo de inscrición no concurso será dende o día 29 de xaneiro ao 8 de febreiro de 2024, ambos incluídos. O prazo rematará o 8 de febreiro ás 14:00 horas.

A inscrición realizarase enviando unha fotografía do meco por correo electrónico a cultura@concellodearzua.com xunto coa seguinte información:

- Lugar no que foi tomada a fotografía (rúa, aldea, lugar, establecemento comercial ou hostaleiro...).
- Nome, apelidos, NIF e teléfono do autor ou da autora. En caso de participar a través dunha asociación ou centro educativo: Nome da entidade, CIF e teléfono de contacto.

É obrigatorio que o meco esté nun lugar do termo municipal de Arzúa no que se poida ver:

- Establecementos comerciais, hostaleiros ou de servizos abertos ao público.
- Centros educativos ou locais sociais.
- Propiedades privadas pero nos que o meco se poida ver dende a vía pública (finca, balcón, galería...).

TERCEIRA. Proceso de votación e determinación dos mecos gañadores.

• O venres 9 de febreiro de 2024 as fotografías dos mecos serán publicadas nas páxinas de Facebook e Instagram do Departamento de Cultura do Concello de Arzúa.

• Dende o momento da publicación e ata o 15 de febreiro de 2024 ás 12:00 horas toda persoa interesada pode votar cun “gústame” en calquera das dúas redes sociais.

• O día 15 de febreiro ás 12:00 horas farase o recuento de votos e os tres mecos que acaden máis “gústame” serán os gañadores do concurso. O resultado será publicado o día 16 de febreiro nas mesmas redes sociais e na páxina web arzua.gal. O Departamento de Cultura tamén contactará por teléfono coas persoas/entidades gañadoras.

CUARTA. Premios.

Establécense os seguintes premios:

- 1º premio: 300 €.
- 2º premio: 120 €
- 3º premio: 80 €.

QUINTA. A participación no concurso supón a aceptación destas bases.

Os presentes premios serán outorgados con cargo á partida orzamentaria 334.480.02 do vixente orzamento na data do concurso, ata o límite de 500 euros.

Os premios levarán consigo a retención en concepto de IRPF, que resulte da aplicación segundo as normas contidas na normativa reguladora do imposto.

En Arzúa, 24 de xaneiro de 2024

O alcalde

Asdo.: Xoan Xesus Carril Ramos

2024/527